



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2024 13:42:32

Entrada **25394**

## Pregunta proxectos H2 Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita**.

Coa Orde TED/1445/2021, do 22 de decembro (BOE/BOE núm. 308, do 24 de decembro de 2021), o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, estableceu as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos pioneiros e singulares de hidróxeno renovábel no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No seu artigo 6 (Obrigas esenciais dos beneficiarios), punto 6<sup>a</sup>, establécese que deberán “executar o proxecto cumprindo o plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas establecido na memoria descritiva do proxecto correspondente, que deberá acompañar xunto coa súa solicitude de axuda”. Por outra banda, o artigo 20 (Prazo de execución das actuacións e modificación da resolución), no seu punto 1, fixa o prazo máximo para a execución das actuacións obxecto de axuda en 36 meses, contados a partir da data de notificación da resolución favorábel de concesión da axuda, contemplando a posibilidade de solicitude de modificación da citada resolución no caso de cumprimento simultáneo dun conxunto de condicións.

Despois de ser aprobada a primeira convocatoria de axudas mediante Resolución de 27 xaneiro de 2022 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), da publicación da correspondente proposta de resolución provisional con data 28/11/2022, da proposta de resolución definitiva o 24/02/2023, previo proceso de aceptación ou rexeitamento da axuda e resolto o recurso de reposición presentado, o 03/04/2023 o Director Xeral de Política





Enerxética e Minas e Vicepresidente do Consello de Administración do IDAE resolve conceder as axudas, entre outros, aos proxectos H2 Galiza (código de expediente PR-H2PION-2022-000262), Proxecto Xulio Verne (código de expediente PR-H2PION-2022-000231), e H2POLE (código de expediente PR-H2PION-2022-000163), situados na Galiza.

Á vista dos antecedentes anteriores, e coa finalidade de obter información que permita o adecuado seguimento e control dos proxectos citados, **formúlanse as seguintes preguntas ao Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico:**

1. Cal é o cronograma e os principais fitos do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas establecido na memoria descritiva do proxecto H2 Galiza (código de expediente PR-H2PION-2022-000262)? Solicitou modificación do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas? De ser o caso e de estar aprobada a citada solicitude, en que consisten e como modifican o cronograma?
2. Cal é o cronograma e os principais fitos do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas establecido na memoria descritiva do Proxecto Xulio Verne (código de expediente PR-H2PION-2022-000231)? Solicitou modificación do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas? De ser o caso e de estar aprobada a citada solicitude, en que consisten e como modifican o cronograma?
3. Cal é o cronograma e os principais fitos do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas establecido na memoria descritiva do proxecto H2POLE (código de expediente PR-H2PION-2022-000163)? Solicitou modificación do plan de traballo ou programa de actuacións e de execución das mesmas? De ser o caso e de estar aprobada a citada solicitude, en que consisten e como modifican o cronograma?



4. Como afecta ou pode afectar os proxectos anteriores, segundo o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Retos Demográfico, a actualización do pasado mes de abril da lista definitiva da Unión de proxectos de interese común e proxectos de interese mutuo, no referido ao hidróxeno, da que Galiza foi excluída?

Madrid, a 14 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita**.

Mediante la Orden TED/1445/2021, de 22 de diciembre (BOE núm. 308, de 24 de diciembre de 2021), el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, estableció las bases reguladoras para la concesión de ayudas para proyectos pioneros y singulares de hidrógeno renovable en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

En su artículo 6 (Obligaciones esenciales de los beneficiarios), punto 6ª, se establece que deberán “ejecutar el proyecto cumpliendo el plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas establecido en la memoria descriptiva del proyecto correspondiente, que deberá acompañar junto con su solicitud de ayuda”. Por otra parte, el artículo 20 (Plazo de ejecución de las actuaciones y modificación de la resolución), en su punto 1, fija el plazo máximo para la ejecución de las actuaciones objeto de ayuda en 36 meses, contados a partir de la fecha de notificación de la resolución favorable de concesión de la ayuda, contemplando la posibilidad de solicitud de modificación de la citada resolución en el caso de cumplimiento simultáneo de un conjunto de condiciones.

Después de ser aprobada la primera convocatoria de ayudas mediante Resolución de 27 enero de 2022 del Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), de la publicación de la correspondiente propuesta de resolución provisional con fecha 28/11/2022, de la propuesta de resolución



definitiva el 24/02/2023, previo proceso de aceptación o rechazo de la ayuda, y resuelto el recurso de reposición presentado, el 03/04/2023 el Director General de Política Energética y Minas y Vicepresidente del Consejo de Administración del IDAE resuelve conceder las ayudas, entre otros, a los proyectos H2 Galiza (código de expediente PR-H2PION-2022-000262), Proyecto Julio Verne (código de expediente PR-H2PION-2022-000231), y H2POLE (código de expediente PR-H2PION-2022-000163), situados en Galiza.

A la vista de los antecedentes anteriores, y con la finalidad de obtener información que permita el adecuado seguimiento y control de los proyectos citados, **se formulan las siguientes preguntas al Ministerio de Transición Ecológica y el Reto Demográfico:**

1. ¿Cuál es el cronograma y los principales hitos del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas establecido en la memoria descriptiva del proyecto H2 Galiza (código de expediente PR-H2PION-2022-000262)? ¿Ha solicitado modificación del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas? De ser el caso y de estar aprobada dicha solicitud, ¿en qué consisten y como modifican el cronograma?
2. ¿Cuál es el cronograma y los principales hitos del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas establecido en la memoria descriptiva del Proyecto Xulio Verne (código de expediente PR-H2PION-2022-000231)? ¿Ha solicitado modificación del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas? De ser el caso y de estar aprobada dicha solicitud, ¿en qué consisten y como modifican el cronograma?
3. ¿Cuál es el cronograma y los principales hitos del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas establecido en la memoria descriptiva del proyecto H2POLE (código de expediente PR-H2PION-2022-000163)? ¿Ha solicitado modificación del plan de trabajo o programa de actuaciones y de ejecución de las mismas? De ser el caso



y de estar aprobada dicha solicitud, ¿en qué consisten y como modifican el cronograma?

4. ¿Cómo afecta o puede afectar a los proyectos anteriores, según el Ministerio de Transición Ecológica y el Retos Demográfico, la actualización del pasado mes de abril de la lista definitiva de la Unión de proyectos de interés común y proyectos de interés mutuo, en lo referido al hidrógeno, de la que Galiza ha sido excluida?

Madrid, a 14 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**